



PROPOSTAS FRONTE Á CRISE PARA UNHA SAÍDA **GALEGA** XUSTA



dereitos

emprego

servizos públicos



Confederación Intersindical Galega



Propostas fronte a crise para unha saída galega xusta

Executiva Confederal da CIG



Propostas fronte á crise para unha saída galega xusta

A crise sanitaria converteuse nunha profunda crise económica e social. A covid-19 ataca a poboación en xeral, pero o seu impacto discrimina entre persoas ricas e pobres, porque non afecta por igual a todas as clases sociais nin a todos os pobos e nacións.

A pandemia e a súa xestión evidencian as eivas, fracasos e inxustizas do capitalismo, así como a incapacidade do modelo neoliberal para dar solución a esta pandemia, na que predominan os intereses económicos privados, mesmo mercantilizando a vida humana, e na que cada vez máis sectores das clases populares se atopan na máis absoluta desprotección social e sanitaria. Priorízase o vigor da economía en prexuízo claro da preservación da saúde e do benestar do conxunto da poboación.

A pandemia deixou en evidencia tamén que resulta insostíbel a globalización, a deslocalización a nivel mundial dos procesos produtivos dos bens e servizos, así como a dependencia que os estados teñen das empresas privadas para acceder a produtos esenciais (caso dos fármacos, material de protección etc.), pódose en risco a seguridade de toda a poboación ante a imposibilidade de acceder a eles no momento que se necesitaron.

Ten lugar, ademais, nun momento no que xa estábamos de cheo nunha recesión económica, agora profunda crise, da cal non podemos permitir que, de novo, se pretenda saír cun novo saqueo á clase traballadora.

Vivimos unha intensificación da dixitalización dos procesos produtivos e da descarbonización da economía que están aumentando as ameazas económicas, sociais e laborais para o conxunto das maiorías sociais.

Os cambios pola dixitalización teñen lugar nun capitalismo extremadamente financiarizado. Neste contexto, os avances tecnolóxicos aceleran e transforman o proceso de valorización do capital, xeran maior avance do capitalismo financeiro, ao tempo que se desvaloriza o traballo, con ameaza

permanente ao desemprego, precariedade, baixada salarial, aumento da exclusión e da desigualdade social.

Este desenvolvemento tecnolóxico está provocando maior concentración e centralización do capital en grandes consorcios e conglomerados financeiros. Así como, o aumento do investimento do capital fronte á economía produtiva, afondando a caída do peso das rendas salariais no PIB, como se vén comprobando nas últimas décadas, pero especialmente nos últimos anos.

Pero tamén unha preocupante xeración de polos de desenvolvemento moi localizados xeograficamente e onde se concentra todo o investimento tecnolóxico e o rendemento económico desta. Ao tempo que controlan e monopolizan as melloras tecnolóxicas, exportando de forma agresiva a outros territorios a aplicación destas, acentuándose as tendencias á deslocalización e á fragmentación territorial dos procesos produtivos cara aos lugares con condicións laborais máis baixas, fomentando unha competitividade en base aos peores salarios e peores condicións de traballo.

A chamada descarbonización da economía prodúcese nun momento no que o capitalismo se atopa co paradoxo de que, dispoño nesta fase histórica de todos os instrumentos que nunca antes tivera ao seu servizo na procura de máis taxa de ganancia, tendo afondado na explotación de clase e na depredación salvaxe dos recursos naturais e das materias primas, o crecemento da economía mundial é menor, é máis débil, mentres a destrución social e ambiental aumenta perigosamente.

En calquera caso, os obxectivos de todos estes novos procesos non son procurar o benestar e camiñar na xustiza social, nin asumir que vivimos nun mundo con recursos naturais limitados e finitos, onde é urxente actuar para que a acción do ser humano deixe de converterse nunha deterioración constante e nunha destrución masiva e irreversible do medio.

A economía mundial segue a estar dominada polo imperialismo e pola imposición dunhas

relacións baseadas na súa avariciosa carreira polo aumento da marxe de beneficios a base de sementar máis pobreza e desigualdade. Para o capital, “o fin xustifica os medios”, necesita dunha continua expansión, abrir novos mercados e para afrontar esta crise e as mudanzas no modelo produtivo válese dos estados e dos instrumentos públicos, para maior seguridade do proceso de concentración do capital dominante.

Hoxe padecemos os graves custes económicos e sociais impostos polas condicións do rescate bancario iniciado en 2012, fórmula ideada para a socialización das súas perdas, que ten creado un endebedamento público do 100% do PIB. Os grandes niveis de desigualdade económica, precariedade laboral e de empobrecemento social son consecuencia das devastadoras políticas neoliberais aplicadas con maior virulencia desde a crise financeira de 2008, na súa gran maioría en vigor (reformas laborais, da negociación colectiva, das pensións, recortes e privatizacións de servizos públicos e sociais etc.) e que se utilizan para afrontar a crise actual.

Imos camiño dun empeoramento porque as liñas que se toman para a reconstrución manteñen estas duras políticas e reproducense outras novas parecidas ao ditado da Unión Europea, por moito que se disfracen polo actual Goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos. Os rimbombantes anuncios dun plan de reformas estruturais en todos os ámbitos non poden agochar que son aplicación de medidas propias da doutrina neoliberal.

Todas estas actuacións (transición ecolóxica, economía verde, transformación dixital, estatuto dos traballadores/as do século XXI, teletraballo, reforma das pensións...) estanse a realizar desde unha interesada confusión, con grandes doses de engano, fraude e hipocrísia para evitar poñer en cuestión a existencia do sistema capitalista, da propia UE e o profundo centralismo operante no Estado español. Preséntanse como se estiveramos en vésperas da construción dun novo sistema que porá fin á explotación de clase, implantará a emancipación social e unha relación co medio ambiente ideal.

Nesta análise non podemos pasar por alto que esta situación ten lugar no profundo dunha crise institucional e sobre o modelo do estado centralista nacido da Transición, cada vez máis depen-

dente da UE pero cada vez máis fanaticamente centralista e negador da realidade plurinacional existente no Estado español, como mellor fórmula para favorecer o proceso de concentración do capital na oligarquía española en base á pobreza das clases populares e das nacións negadas, como a galega.

En realidade, son medidas obrigadas para cumprir co Acordo do Fondo de Reactivación pola covid-19 aprobado a finais de xullo de 2020, que traza as liñas básicas dun auténtico plan de rescate dos estados –a semellanza dos existentes en 2008– e que esixe un severo paquete de recortes do gasto público, a imposición de novas reformas –como a das pensións–, a consolidación das anteriores reformas –como as laborais de 2010 e 2012–, conxelacións salariais ou máis subas nos impostos indirectos, entre outras duras medidas da disciplina orzamentaria e fiscal que impón a *troika* para reducir o déficit e a débeda pública, situado xa no Estado español no entorno do 120% do PIB.

Mención á parte merece o previsíbel impacto negativo que a reestruturación destes fondos europeos poidan ter na PAC e no Pacto Verde Europeo, de grande importancia en diferentes sectores produtivos de Galiza.

Estamos de novo ante a verdadeira e única face da UE, como expresión da globalización ao servizo do capital financeiro, fundamentada na creación dun espazo económico construído, nas diferentes etapas da súa evolución, a través da institucionalización xerárquica, asentada mediante acordos entre estados, profundamente centralista, negadora daqueles pobo e nación de Europa que carecen de estrutura de estado, cada vez menos social e cada vez máis mercantilista.

Polo tanto, a UE non existe máis que para aplicar receitas neoliberais, actúa baixo a ditadura do capital financeiro, como desde 2008 vén demostrándose de forma desapiadada, a través de institucións que actúan á marxe de calquera control democrático (BCE, Comisión Europea etc.) e aplicando unha política fiscal, monetaria e de disciplina do euro baixo o único control do BCE, convertido nun supervisor financeiro ao servizo da banca alemá e o gran capital financeiro, controlando así de forma total as políticas económicas dos estados.

Unha reactivación económica e social xusta parece difícil, por non dicir imposible, sen recuperar as competencias na política monetaria por parte dos estados, sen acabar co papel do BCE e coa conseguinte saída do euro.

En Galiza afrontamos esta realidade con máis dificultade porque estabamos de cheo nunha crise social, industrial, demográfica -agravada ante a incesante emigración- que por si propia xa tiña o impacto dunha situación de emerxencia nacional e social- que temos analizado en documentos anteriores- , pero á que agora se lle suma toda esta nova realidade.

Esta crise non está afectando de igual maneira a unhas actividades que a outras. Algunhas van saír reforzadas, como a alimentación, a loxística...; pero outras, especialmente as de maior presenza de PEME e de persoas autónomas (moi ligadas ao turismo e comercio), poden sufrir danos irreparábeis se non hai unha actuación pública eficaz.

Así mesmo, vivimos as novas situacións que de forma decisiva inciden no noso país e na clase traballadora galega, como son a chamada descarbonización, a dixitalización xunto co teletraballo, pero tamén das consecuencias do *brexit* en importantes sectores da economía galega.

A chamada descarbonización está sendo un proceso de desmantelamento total, para nada un proceso de transición. Aplícasenos con dureza un nivel de esixencias propias dun estado soberano que tivese entusiasticamente decidido no seu día este tipo de desenvolvemento. En realidade estamos asistindo a unha nova versión -actualizada- das reconversións brutais que xa vivimos con aquel chamado Mercado Común Europeo, hoxe UE, que foi e é, unha ruína para o pobo galego.

O peche das centrais térmicas galegas é o comezo das consecuencias deste proceso, pero á vista están as ameazas noutros moitos sectores industriais (electrointensivo, automoción, hidrocarburos e biocombustíbeis etc.) e mesmo do sector primario. Comarcas enteiras de Galiza camiño da desertización social e industrial, sen plans alternativos de ningún tipo de reindustrialización.

Despois de moitas décadas, asentouse unha importante industria de enclave, que non pecha nin completa os procesos produtivos no país, altamente contaminante, que veu espoliar as nosas

materias primas, os nosos recursos enerxéticos, espremendo ao máximo unha man de obra barata e precarizada, sen crear máis emprego e desenvolvemento que o necesario para impoñer este sistema.

O futuro que se nos presenta de sostibilidade non é certo. As mudanzas das que se falan non existen, porque neste proceso que se abre para Galiza pretendese seguir espoliando os nosos recursos enerxéticos, reimplantando un modelo que segue sendo imposto e ao servizo dos intereses das empresas eléctricas, que substitúen unha fonte de produción de enerxía (centrais térmicas) por outras (eólicos), pero sen asumir ningún tipo de responsabilidade social do dano causado, nin estaren dispostas a ceder a súa posición de oligopolio, que acumula -e seguirá con este deseño acumulando- cada día máis ganancias polos altos prezos da electricidade que impoñen en prexuízo da nosa industria e causando pobreza enerxética a máis poboación.

Non podemos, unha vez máis, ser os únicos e as únicas en asumir os custos desta reconversión mentres a nosa capacidade de produción de enerxía segue posta ao servizo dos intereses das grandes eléctricas e do desenvolvemento industrial e da xeración de emprego fóra de Galiza.

O Goberno de Feixoo está descaradamente ao servizo deste deseño feito en favor dos Fondos de Investimento e do sistema español consagrado na Constitución do 1978 e no Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981 que negan os nosos dereitos nacionais de Galiza e o dereito a decidir por nós, que nos submete a ter un papel periférico no económico, de colonia dentro do Estado español, no que ao drenaxe para o exterior do aforro dos galegos e galegas, coa bancarización e venda das antigas caixas de aforro, sumáselle a continua explotación dos nosos recursos naturais e minerais, mentres de novo, e con máis forza, subministramos man de obra barata a través dunha emigración que nos está a deixar sen xente, nun País cada vez máis envellecido e con menos a poboación activa

Estamos ante unha realidade na que está en xogo o noso futuro e ante a cal temos a manifesta inacción nas súas funcións do Goberno galego, cando non de fatal actuación, contribuíndo na destrución dos nosos sectores produtivos e in-

dustriais estratéxicos e aplicando unha política suicida de desenvolvemento económico para a sociedade galega consistente case en exclusiva na eucaliptización do país en favor da industria pasteira e no sector servizos, especialmente no turismo e no Camiño de Santiago, que se veu claramente castigado na pandemia, demostrando que é unha falsa alternativa de futuro para ter un crecemento económico forte e ser fonte creadora de emprego digno.

A chamada Lei de Fomento Empresarial (aprobada antidemocraticamente a finais do ano 2017), representa de forma visíbel como se traballa para consolidar un modelo de país que afonda na histórica xeración de graves desequilibrios territoriais, sociais e ambientais.

Ante esta situación, en Galiza contamos con importantes vantaxes pero tamén con grandes inconvenientes: temos unha forte presenza en sectores considerados esenciais, como o primario e nas súas industrias derivadas, pero contamos cun escaso e limitado poder na toma de decisións pola pertenza a Unión Europea, mais especialmente pola falta de competencias plenas en Galiza para afrontar esta situación.

Con estas propostas queremos combater calquera intención de que se diga de novo que a recuperación económica é a consecución de porcentaxes positivas nos datos macroeconómicos. Como tamén que nos sigan mallando coas mentiras sobre a nosa incapacidade como pobo galego para afrontar esta situación se non é con máis dependencia e submisión ao que desde Madrid acorden.

De se confirmar todo isto, seguirá aumentando o regueiro que temos de pobreza laboral, desemprego e exclusión social á par do continuo proceso de desgaleguización e españolización de Galiza.

Por iso, hoxe máis que nunca, reivindicar o dereito a decidir é vital para facer fronte eficazmente á crise. A comezar por recuperar o autogoberno para sermos quen de levar adiante toda un sistemático e completo paquete de políticas públicas que concentren todos os recursos en favor das maiorías sociais; única maneira real de garantir unha protección social plena, sen exclusións, e o dereito a ter emprego, salarios e ingresos dignos para toda a clase traballadora galega.

Calquera medida para facer realidade a superación da crise e a creación de emprego en Galiza debe camiñar na dirección que posibilite ao Parlamento galego desenvolver de forma soberana as medidas necesarias para facer realidade este Plan Galego de Crecemento Económico e Creación de Emprego.

Avanzar para ter plenas competencias en todas as materias (laboral, fiscal, financeira, industrial, agrogandeira, pesqueira etc.) é un pilar fundamental, xa que significa poder decidir sobre o noso modelo económico e social, para que nos dea como pobo galego unha alternativa e viabilidade de futuro, e na que poidamos vivir e traballar dignamente na nosa terra.

O aproveitamento dos moitos recursos que temos dispoñíbeis no noso país (produción de enerxía, recursos minerais, riqueza forestal, actividade de produción e transformación no sector agrario e pesqueiro etc.) deben de estar ao servizo de crear emprego digno, de completar os ciclos produtivos no propio país, aumentar o valor engadido en sectores básicos da nosa economía, diversificar as nosas capacidades produtivas e industriais, procurar un mellor equilibrio territorial e ambiental, dunha rendibilidade social e non privada, evitando a destrución de emprego e a emigración, e consolidando o respecto polos dereitos laborais e a mellora das condicións de traballo.

Neste sentido van as propostas que dende a CIG formulamos, porque apostamos por UNHA SAÍDA GALEGA Á CRISE, superando as políticas neoliberais e defendendo un desenvolvemento galego propio, asegurando un financiamento público, abordando unha profunda reforma fiscal, que grave oportunamente as grandes fortunas e as grandes empresas, así como a intervención pública de sectores estratéxicos da economía, hoxe en mans privadas (banca, eléctricas etc.).

En calquera caso, son todas elas actuacións que esixen a combinación de medidas urxentes, que os Orzamentos da Xunta de Galiza e os Orzamentos Xerais do Estado deberán recoller dentro dunha alternativa a longo prazo e de carácter estratéxico, porque a loita é agora por saír desta crise creando as bases para un cambio de sistema no camiño de avanzar cara unha Galiza ceibe e sen explotación.

Plan de recuperación económica, industrialización e creación de emprego digno na Galiza

As características propias da crise no noso país, e cando estamos en pleno proceso de transición enerxética, de descarbonización da economía e de dixitalización dos procesos produtivos, fan máis necesario que nunca afrontar a recuperación económica, a creación de emprego digno e a industrialización en Galiza, na que os poderes públicos deben ter un papel central na dinamización económica.

A inseguridade e o perigo que están supoñendo para a economía as cadeas globais de produción ou valor, obriga á posta en marcha dun plan de desenvolvemento industrial que contemple o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía (leite, papel, granito, moble, pesca, marisqueo, téxtil, conserva, enerxías renovábeis, silvicultura, automóbil, naval), así como fomentar a promoción exterior dos produtos galegos, priorizando sectores e mercados.

Esta crise pon de manifesto que hoxe máis que nunca, o sector agrario e pesqueiro cumpren unha función social en Galiza de primeira orde, polo que cómpre superar o papel mercantilista que imponen as políticas da UE e dos tratados internacionais.

As nosas propostas van nesta dirección e na de garantir un desenvolvemento sostíbel e a seguridade alimentar asentada no principio de que o pobo galego temos dereito a definir as nosas propia política agraria, pesqueira e alimentaria.

Desde a CIG defendemos a urxencia dun Plan Galego de Recuperación Económica, Industrialización e Creación de Emprego Digno en Galiza que debe conter medidas transversais xunto con medidas sectoriais e onde compre facer unha forte aposta en favor das forzas sociais galegas para o desenvolvemento deste proceso.

Propostas de carácter transversal

Intervención pública e sistema financeiro

- Creación do **Instituto da Empresa Pública Galega**, constituído cos centros de traballo das empresas públicas estatais existentes en Galiza, que deben ser transferidos, así como con aquelas outras de capital público galego, hoxe existentes ou de nova creación.
Será o encargado de nacionalizar empresas ou crear novas en sectores hoxe considerados claves para a supervivencia dun país. Asemade, este instituto debería participar en empresas necesitadas de financiamento, tanto para evitar a entrada de fondos estranxeiros, como unha forma de repartir beneficios e non só de socializar perdas.
- **Participación da Xunta** directamente, ou a través de empresas mixtas, e con control efectivo, na constitución de novos proxectos industriais vitais para o país, en sectores estratégicos como o financeiro, enerxético, lácteo, naval ou redes de comercialización.
- Paralización de calquera política de privatización de empresas e servizos públicos. Aprobación dun calendario para o **retorno ao sector público** de todos aqueles servizos e empresas públicas que foron privatizadas.
- Aprobación de forma urxente das actuacións necesarias para a **nacionalización e intervención pública** de Alcoa San Cibrao e Alú Ibérica ante o carácter estratéxico do sector do aluminio en Galiza.

Creación dun Banco Público Galego, unha entidade financeira de carácter pública e comercial, titularidade da Xunta de Galiza. Que actúe ao mesmo tempo como Axencia Financeira de Institucións Galegas, co obxectivo de reformular os instrumentos

financeiros a disposición das nosas empresas produtivas.

- Fortalecemento e mellora das **sociedades de garantías recíprocas**, mediante o fornecemento de recursos suficientes, de xeito que poidan ampliar a súa función de instrumentos de promoción empresarial, especialmente de empresas de nova creación.
- Esixir por parte do Goberno galego ao Goberno español que as relacións de orde económico e financeiro entre Galiza e o Estado español se desenvolvan e formalicen a través dun **concerto económico** que se pacte entre ambas institucións.
- **Xestión directa** pola Xunta de Galiza dos fondos europeos destinados ao noso país.
- Esixir do Banco Central Europeo que preste diñeiro directamente aos Estados e CA ao **mesmo prezo** que o fai á banca privada.
- Esixir o mantemento de **oficinas bancarias** en todos os concellos. O feito de que múltiples concellos estean quedando sen ningunha oficina bancaria é un dos factores que máis contribúe ao despoboamento do rural.
- As empresas que reciban fondos públicos e tras iso aposten pola deslocalización de parte da súa produción, deben ser penalizadas. O mesmo tempo debe incrementarse até 10 anos o período durante o que as empresas que reciban fondos públicos deban **manter as condicións e o emprego**.
- Garantir a dispoñibilidade de **chan industrial** con fórmulas de adquisición flexíbeis e coherentes coas necesidades loxísticas e industriais.

Unha fiscalidade progresiva e xusta

- Modificar a escala de gravame do **Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas** (IRPF), incrementando a progresividade deste, aplicándolles ás rendas do capital o mesmo tratamento fiscal que ás rendas do traballo.
- Reducir o tipo de gravame do **Imposto sobre o Valor Engadido** (IVE) naqueles produtos de primeira necesidade, para o desenvolvemento integral da vida en condicións dignas, por debaixo do valor anterior á última reforma, e incrementalo para os bens suntuarios.
- Creación dun **imposto sobre os beneficios extraordinarios** da banca e os activos financeiros.

- **Eliminación dos privilexios** fiscais da igrexa e das SICAV.
- **Fin dos incentivos fiscais** aos plans privados de pensións.
- Esixir o **pagamento dos tributos en Galiza** de todas as empresas que teñan centros de traballo en territorio galego.
- **Auditar a débeda pública e privada** para denunciar os contratos ilexítimos e liberar a carga financeira asociada.
- Flexibilizar as porcentaxes de endebedamento da economía, destinando os fondos deste novo endebedamento en **actividades xeradoras de emprego** ou que permitan incrementar o benestar da sociedade.
- Garantir unha tributación mínima efectiva no **Imposto de Sociedades** do 15% en xeral; no caso de grandes empresas e sectores de hidrocarburos e banca a tributación mínima situaríase no 18%. Suprimir a maior parte das bonificacións e deducións do Imposto de Sociedades que na práctica están reducindo dito imposto efectivo a menos da metade do nominal
- Posta en marcha da **taxa Tobin** e a **taxa Google**.
- **Prohibir** a contratación e as axudas públicas a empresas que teñen a sede en paraísos fiscais.
- **Eliminar** os fondos destinados á igrexa no IRPF.
- Crear os medios suficientes para perseguir e **castigar a fraude e a evasión fiscal**. Supresión dos paraísos fiscais.

Estabilidade

e aumento do investimento en i+d+i

- Dotación plurianual e **garantía orzamentaria** dedicada á investigación científica até que iguale a media da eurozona.
- **Adopción de medidas** que lle permitan ás pequenas e medianas empresas participar en proxectos de I+D+i.
- Oferta de instalacións e consello técnico por parte da Administración galega ás novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica, priorizando aqueles proxectos empresariais relacionados coa **producción enerxética limpa**, así como a aqueles que potencien a

producción, transformación e comercialización de produtos do país e unha economía auto-centrada e sustentábel.

- Apoiar a **colaboración entre as universidades**, centros de formación profesional e as empresas para crear sinerxías que permitan aproveitar o I+D que produce o noso sistema universitario.
- Elaboración dunha **axenda propia de investigación** entre todas as entidades, públicas e privadas, que sexan artífices desta.
- **Dignificación da actividade e as condicións laborais** dos/as investigadores/as.
- Recoñecemento do interese público emitido pola Consellaría de Sanidade ou o SERGAS, de forma obrigatoria, no outorgamento das licencias que van ser explotadas por terceiros para evitar que as empresas que as explotan impoñan os prezos do mercado.

Defensa dos servizos públicos

- Eliminación na Lei de Orzamentos do Estado da taxa de reposición.
- Incrementar as prazas públicas e gratuítas para o alumnado de 0 a 3 anos con horarios adaptados ás necesidades laborais da poboación traballadora.
- Ordenar e incrementar a oferta de ciclos formativos no ensino público que satisfaga a demanda existente para facilitar o emprego e o desenvolvemento daqueles sectores estratégicos do tecido industrial e produtivo galego. Eliminar as restricións actuais na oferta de ciclos formativos na mesma localidade, garantido unha oferta que dea resposta a demanda das diferentes familias profesionais.
- Fornecer os centros de ensino de suficiente profesorado que posibilite a baixada de ratios de alumnado por aula, mellorando a atención á diversidade. Plan de acción global fronte ao abandono dos servizos sociais e educativos, en particular no medio rural, coa reapertura dos centros pechados nos últimos anos.
- Aprobación dun plan de prevención e actuación contra o fracaso e o abandono escolar para acadar a máxima calidade posíbel e garantir persoal de administración, coidadores, así como doutras figuras profesionais non docentes en todo os centros onde sexan necesarios.

- Execución de todas as adaptacións necesarias en todos os centros educativos públicos para unha mellora tecnolóxica e de conexión de alta velocidade por fibra e dotación por parte da Administración galega dos servizos complementarios necesarios, nomeadamente de comedores e transporte escolar.
- Xestión pública directa da sanidade, acabando coas privatizacións e recuperando o privatizado; incrementar a dotación orzamentaria tanto para aumentar o número de profesionais e mellorar as condicións laborais e salariais, como o número de camas hospitalarias, tecnoloxías innovadoras en saúde etc. Dotar quendas de tarde nos hospitais.
- Aprobación dun orzamento propio para Atención Primaria. Así como a creación da Xerencia de Primaria, para que este nivel de asistencia poida desenvolver os seus obxectivos sen estar supeditado aos intereses hospitalarios.
- Control público da produción de produtos farmacéuticos e de todo tipo de bens de uso sanitario como respiradores, máscaras, batas...
- Fomento da investigación pública e posta en valor e explotación dos resultados acadados.
- Eliminación do copagamento farmacéutico.
- Elaboración dun Plan Galego de Saúde Mental, coa participación de todos os sectores afectados, que promova unha saúde mental en positivo, con especial atención ás persoas menores e coa introdución da perspectiva de xénero.

II Unha transición enerxética galega e xusta

Recentemente desde a CIG, con ocasión do comezo dos trámites do Proxecto de Lei e demais regulacións legais en marcha, fixemos unha lectura crítica e presentamos unha relación de emendas e alternativas a esta, no documento titulado Posición da CIG ante o Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.

Polo tanto, desde a validez das análises allí contidas, a seguir relacionamos as novas propostas, xunto coa vixencia das que levamos tempo formulando:

1. As diferentes Iniciativas Legislativas Populares promovidas pola CIG: **Proposta para unha**

Tarifa Eléctrica Galega, de Medidas para a Xestión Pública dos Saltos e Aproveitamentos Hidroeléctricos de Galiza e Proposición para a protección e mellora dos hábitats do bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra incendios forestais. Así mesmo das reivindicacións contidas no **Manifesto por un Monte Galego con Futuro.**

2. Creación dunha **Empresa Pública Galega de Electricidade** que xestione as centrais hidroeléctricas cuxa concesión vaia vencendo e, tamén, controle as participacións accionariais que ten a Xunta noutras empresas enerxéticas.
3. Por unha **Estratexia de Transición Xusta en Galiza**, que deba dar solución inmediata nas seguintes direccións:
 - Inclusión de Galiza no Plan de Acción Urxente para Países do Carbón e Centrais Pechadas 2019-2021 (Estratexia de Transición) en igualdade de condicións que Aragón, Asturias e Castela-León.
 - Aprobación e subscripción inmediata dos Convenios de Transición Xusta para As Pontes e Cerceda (Meirama) cun calendario definido de financiamento e accións a realizar ante o impacto por peche e reconversións das centrais térmicas de carbón para o mantemento do emprego e a industria.
 - Solucións para a continuidade do emprego nestas comarcas, de forma especial na industria auxiliar.
 - Impulso das tecnoloxías de almacenamento de enerxía (hidróxeno verde, baterías etc.), nas proximidades das centrais térmicas, aproveitando a súa capacidade de evacuación eléctrica.
 - A asignación de novas instalacións de produción de enerxía renovábeis que se implanten, así como o aceso prioritario de parte ou totalidade da capacidade de evacuación eléctrica das concesións que queden extinguidas polo peche das centrais térmicas, deberán incluír nas convocatorias, ademais dos requisitos técnicos e económicos, outros, tendo de referencia o Decreto 242/2007 da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galiza, como son:
 - criterios ambientais e sociais.
 - proxectos de desenvolvemento económico ou plans industriais asociados propostos para a súa implantación nos territorios afectados.
 - compromisos adicionais de participación pública no capital social do proxecto, segundo as fórmulas establecidas na disposición proposta de referencia.
- A implantación de parques eólicos e das súas liñas de evacuación obriga a unha modificación da lexislación para que os/as propietarios/as do monte e das terras afectadas teñan capacidade de negociación coas promotoras dos parques eólicos.
4. **Aprobación do Estatuto de Empresas Electointensivas** de acordo á Proposta para a Industria Electointensiva presentada pola CIG no mes de outubro de 2018.
5. **Propostas para o sector da automoción**, que demanda a aprobación dun Plan de Transición ante o proceso de descarbonización, coa participación de todas as organizacións sindicais que teñen a consideración legal de máis representativas (de acordo aos artigos 6 e 7 da LOLS) e máis axentes sociais, a fin de abordar un plano de investimento das administracións públicas, que recolla medidas de apoio ao I+D+I no sector para o impulso dos coches híbridos, eléctricos, autónomos, formación dos cadros de persoal cara ao novo sistema de fabricación, plan de rexuvenecemento dos cadros de persoal, de estabilidade e dignificación das condicións de traballo. Promoverase a optimización dos procesos produtivos, pulando polo aproveitamento das sinerxías entre as factorías principais e a súa industria secundaria.

Creación dunha Mesa Galega da Automoción (MGA), integrada polo actual clúster empresarial (CEAGA), as centrais sindicais e as tres universidades galegas.
6. **Transición xa no sector dos carburantes e biocarburantes** encamiñado a transformación das refinerías en biorefinerías, a transición cara aos biocombustíbeis de segunda xeración, con materias primas sostíbeis e buscando as sinerxías con outras industrias coa elaboración de subprodutos. E, por último, apostando polos biocombustíbeis

como combustíbel de transición na mobilidade até que se alcancen os obxectivos marcados para a mobilidade eléctrica.

7. **Por outra xestión dos residuos.** Reformar a Lei de Residuos Sólidos Urbanos para adaptala ás nosas necesidades, que aposte decididamente polo rexeitamento á incineración e se centre en minimizar a produción dos residuos, na súa reutilización e reciclaxe.
8. **Promoción da mobilidade de persoas e mercadorías sen emisións,** coa aprobación dun calendario para o desenvolvemento e mellora das infraestruturas e as comunicacións das persoas e do transporte de mercadorías que contribúa aos obxectivos xerais de redución de emisións:
 - Nos ámbitos urbanos e interurbanos (incluído o rural) do transporte público por estrada, ferroviario de proximidade (e liña do FEVE no norte de Galiza) e por vía marítima, priorizando a súa complementariedade a todos os niveis, así como aeroportuario.
 - Elaboración dun plano que faga real un sistema aeroportuario galego, a partir da cooperación e complementariedade dos tres aeroportos, potenciando o aeroporto de Santiago de Compostela como aeroporto da capital de Galiza, ampliando e potenciando o seu carácter internacional.
 - Reformulación do ente público, Portos de Galiza para unha potenciación conxunta e real dos cinco portos principais (Vigo, A Coruña, Ferrol, Marín e Vilagarcía) para a captación de tránsitos no exterior, evitando a competencia entre eles e fomentando a complementariedade. Así mesmo, resolución da conexión ferroviaria dos portos exteriores da Coruña e Ferrol.
 - Incluír Galiza na “rede básica “ do corredor atlántico ferroviario, co itinerario A Coruña-Vigo-Ourense-León. Así mesmo, resolver a conexión directa A Coruña- Xixón-Bilbao.
 - Incorporar a conexión ferroviaria Vigo-Porto na rede básica do corredor atlántico.
 - Incorporar o porto de Vigo como porto nodal formando parte da rede básica.
9. **Plan de investimento público na construción, nas infraestruturas e nas telecomunicacións,** para un desenvolvemento sostíbel,

superando o modelo do financiamento privado con contrato de concesión, para abordar as propostas referidas á mobilidade que relacionamos no apartado anterior até todas aquelas medidas de:

- apoio á rehabilitación de vivendas con medidas como o apoio a eficiencia enerxética, utilización de enerxías renovábeis, conservación de fachadas e acondicionamento dos cascos antigos.
 - promoción do uso de materiais autóctonos na construción e rehabilitación de vivendas privadas e edificacións públicas.
 - desenvolvemento dun plan especial para a mellora nas telecomunicacións e acceso ás novas tecnoloxías en todos os ámbitos, con especial preocupación no rural.
 - tratamento e saneamento das augas residuais.
 - finalización da rede viaria galega que permita a conexión de todas as cidades galegas coa capital de Galiza por autoestradas e autovías libre de peaxe. Plan para a conservación e mellora na seguridade viaria nas principais estradas e vías de comunicación galegas.
 - construción de itinerarios preferentes para o transporte público e de carril bici nos núcleos de poboación de máis de 20.000 habitantes.
10. **Minaría sustentábel e recuperación dos espazos naturais,** a través da aplicación e desenvolvemento íntegro da Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza, para que permita:
 - Actuacións baseadas en criterios de estabilidade e sostibilidade, cumprindo os requisitos ambientais e peche dos ciclos produtivos, imposibilitando proxectos claramente colonialistas e depredadores.
 - Melloras na comercialización e posta en valor do granito e a lousa, fundamentalmente no exterior, así como na eficiencia enerxética, en aplicacións tecnolóxicas ou na integración do proceso produtivo.
 - Potenciación, por parte das distintas administracións públicas, do uso da pedra galega, impedindo a competencia desleal coa utilización de materiais de países que non cumpren as

normas ambientais nin de protección de saúde dos traballadores e traballadoras.

- Explotación racional do seixo, promovendo o peche de todo o seu ciclo produtivo en Galiza.
- Recuperación de todos aqueles espazos naturais degradados como consecuencia das explotacións mineiras.

III sectores produtivos e comercio

- Agrario

- Aprobación dun marco legislativo e dun plan de medidas de apoio ao sector gandeiro, agrario, hortícola, vitivinícola etc., que garanta uns prezos xustos dos seus produtos.
- Aprobación dun plan especial que fomente a incorporación de xente moza a actividade agraria, con facilidades de financiamento, que permita a co-explotación cando unha persoa nova se incorpore á explotación do pai ou nai etc. Así mesmo, de medidas especiais para as explotacións agrarias e gandeiras de zonas de montaña.
- Apoio público e potenciación da agricultura extensiva, da gandería e da agricultura ecolóxica.
- Creación dunha rede de servizos técnicos públicos relacionados coa actividade agraria e gandeira.
- Apoio aos circuítos curtos de comercialización e de transformación dos produtos por parte das/os propias/os agricultoras/es.
- A produción de alimentos non se debe desligar das necesidades ambientais, da saúde da cidadanía, da despoboación do rural,... polo que se deben potenciar de forma transversal producións sostíbeis destinadas, principalmente, aos mercados máis próximos.
- É necesario avanzar na nosa soberanía alimentaria, fomentando os circuítos curtos de proximidade, garantindo o autoabastecemento de alimentos frescos e reducindo, o máis posíbel, as importacións.

- Pesqueiro e industria conserveira

- Implantación dun plan integral de recuperación dos caladoiros do litoral, rías e bancos naturais de marisqueo, que contemple, de acordo co sector, paradas biolóxicas subvencionadas, recuperación do litoral e bancos marisquei-

ros afectados polos recheos, depuración de todos os residuos urbanos e industriais, e a creación de sementeiros de carácter público que permitan que as mariscadoras poidan acceder a este servizo que actualmente está en mans privadas.

- Pór en valor a calidade da conserva galega (bonito do norte, xouba, agulla, mexillón etc). Deseño por parte do Goberno galego dun plan integral produtivo e extractivo (produción, flota, marisqueo) no que se inclúa o creto a pequena e mediana empresa, contemplando un etiquetado no que apareza claramente identificada a procedencia, ademais de activar nos mercados internacionais campañas divulgativas da calidade da nosa conserva.
- Potenciación dos sistemas de semicultivo dos areais, apostando por pequenos proxectos cooperativos con apoio científico técnico público.
- Modernizar e impulsar os sistemas de transformación, comercialización e distribución dos produtos pesqueiros, xunto cun control exhaustivo das importacións que permitan unha identificación da orixe dos produtos.
- Retornar á Administración a cuota da flota que vai ao desguace para garantir o seu xusto reparto entre a flota que continue coa actividade.
- Esixencia ante a UE e o Estado español do peche de acordos pesqueiros con terceiros países que non exclúan a flota pesqueira galega, así como a non aplicación a Galiza da política de cotas e TAC impostas pola UE.
- Esixencia da plena autonomía de Galiza para exercer as competencias en materia de pesca de baixura e marisqueo.

- Sector forestal

- Os principios reitores en relación á política forestal deberán guiarse pola diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de usos, o fomento do arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos, a non privatización dos montes veciñais, a creación de emprego e a sostibilidade económica e social, o respecto e compatibilidade coas demais actividades agrarias.
- Promoción do ciclo completo da transformación da madeira en Galiza e apostar pola

segunda transformación, con apoio a aquelas empresas que aposten polos produtos de calidade e deseño diferenciado

- Recuperación do tecido industrial dedicado aos distintos aproveitamentos forestais.
- Investimento na promoción da produción de madeira de calidade e doutros produtos do monte.
- Apoio á investigación para unha industria forestal integral e sostíbel.
- Fomento do aproveitamento da biomasa forestal só residual, da silvicultura con madeiras de calidade e prohibición dos cultivos enerxéticos.

- Sector naval

Ría de Ferrol:

- Aprobación dun plan que manteña o naval como sector estratéxico, creando o Complexo Integral da Ría que abrangue todas as áreas relacionadas coa construción naval tanto militar como civil, investimento necesario no departamento de carenas para non perder mercado e poder acceder a outros sectores no mundo da reparación e que a fábrica de turbinas incremente a súa capacidade produtiva ao igual que o sector de bens de equipo e enerxético.
- Execución dos investimentos para a modernización do estaleiro, o denominado “Estaleiro 4.0”, onde aglutinar nun espazo de terreo todos os elementos que teñan que ver coa construción dos barcos, o seu deseño etc., dotándoo dun dique seco cuberto, de acordo ao proxecto inicial.
- Construción dun buque loxístico alternativo para paliar a subactividade até o inicio das fragatas (está previsto comezar a cortar chapa no primeiro trimestre de 2022, pero hai serias dúbidas de que se poidan cumprir os prazos), para o cal xa existe autorización de gasto para construír un destes buques nos estaleiros do sur.
- Apurar ao máximo os prazos dos proxectos das F-110.
- Posta en marcha do centro tecnolóxico e implementar o estaleiro 4.0.

Ría de Vigo:

- Conformación dun **holding** entre os distintos estaleiros, empresas auxiliares e empresas transformadoras do metal na ría de Vigo, con participación pública e privada, para proxectos conxuntos como centrais de compras comúns, deseño etc., e investimentos comúns en tecnoloxía, I+D+i.

Diversificación da oferta para aumentar a carga de traballo con contratos firmes para construír e despois un financiamento para desenvolver os proxectos, e todo isto acompañado duns beneficios fiscais.

- Solución estábel e duradeira para o estaleiro de Barreras a través do proceso de retorno ao sector público. Recuperar a actividade nas instalacións de Vulcano mantendo a concesión actual do Porto de Vigo para a construción e reparación naval.

- Sector do Comercio e o Turismo

- Promoción, por parte das administracións públicas galegas, da necesidade de consumir produtos e servizos fabricados en Galiza. Apostando polos produtos de calidade e deseño propio, como produto diferenciado e como a mellor forma de manter e crear emprego no noso país, empezando por facer efectiva esta medida as propias institucións públicas.
- Campaña permanente de sensibilización e comunicación que poña en valor as vantaxes do pequeno comercio: trato, calidade, localización... Limitar a instalación de grandes superficies comerciais.
- Implantar medidas de formación para o pequeno comercio para facelo máis competitivo, especialmente aproveitándose do uso de novas tecnoloxías.
- Potenciar un turismo sostíbel e de calidade. Débese compatibilizar a industria turística coa protección do medio e a calidade de vida nas cidades (evitando procesos de **xentificación**). Prohibir, limitar e controlar os chamados pisos turísticos.

IV Recuperación dos dereitos laborais e sociais

É de vital importancia, para recuperar e mellorar en dereitos e condicións de vida, conseguir a inmediata derogación das reformas laborais, da negociación colectiva, das pensións e do desemprego, iniciadas en 2010 até a actualidade, e de todas as leis e normativas que as desenvolveron.

Así mesmo, son necesarias novas respostas ante novos fenómenos como a dixitalización, o teletraballo etc... que están a impactar de forma importante no mundo do traballo.

Cómpre a aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións que nos fortalezan como clase traballadora ante a nova situación de crise e as novas formas de explotación e precariedade.

As propostas que facemos neste programa reivindicativo levan esa orientación e levan sendo nos últimos anos a base das nosas reivindicacións.

- Acción sindical

- Recoñecemento do dereito da representación dos traballadores e traballadoras a negociar calquera medida que pretenda impor o empresario relativa ás condicións de emprego e de traballo, con sancións adecuadas en caso de incumprimento e para alén dos dereitos de información e consulta do artigo 64 do ET.
- Crédito horario específico para as delegadas e delegados de prevención, especialmente cando no convenio se establece que as persoas encargadas desa función son diferentes da representación unitaria.
- Implantación das delegadas e delegados territoriais de prevención de riscos laborais, como un elemento máis da acción e poder sindical nos centros de traballo, con especial atención ás pequenas empresas.
- Recoñecerlle aos sindicatos máis representativos, nas empresas de menos de seis traballadores/as e naquelas que non teñan representación, similares dereitos de información e consulta que teñen as e os delegados de persoal.

- Recoñecemento legal da figura de axente sindical de igualdade, garantindo unha formación específica para o desenvolvemento do seu labor, sen prexuízo da súa extensión na negociación colectiva.
- Recoñecemento da consulta obrigatoria da asemblea de traballadores e traballadoras, para someter ao seu criterio todas as decisións que afecten ao emprego e ás condicións de traballo (sinatura do convenio colectivo, descolgues, modificacións etc.)
- Recoñecemento legal de competencias negociadoras aos sindicatos máis representativos, con carácter previo á adopción de medidas económicas e sociais, por parte dos poderes públicos.
- Recoñecemento das seccións sindicais, coas atribucións da LOLS, nas empresas de máis de 100 traballadores e traballadoras.
- Revisión do modelo de financiamento dos sindicatos, con criterios de transparencia, obxectividade e representatividade, que teña en conta a función social que cumpren, en aspectos como a representación institucional e a negociación colectiva de eficacia xeral.

- Negociación colectiva

- O marco galego de relacións laborais esixe que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior ao de empresa, teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresa, senón tamén sobre os estatais. Igualmente os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.
- A negociación para un convenio estatal de grupo de empresas ou a negociación para un convenio que afecte a unha pluralidade de empresas vinculadas debe considerarse como unha negociación sectorial para efectos da lexitimación para negociar os sindicatos máis representativos da comunidade autónoma (art. 87.4 ET).
- Nas Comisións Paritarias e noutras comisións específicas, como as de igualdade ou as comisións anti-acoso, debe asegurarse a participación dos sindicatos lexitimados para negociar, aínda que non asinaran o convenio, ou o plan de igualdade.

- Reforzar a garantía da ultraactividade ilimitada do convenio colectivo.
 - Transferencia íntegra da formación para o emprego a Galiza e rescate público do sistema de formación para o emprego.
 - Conferir á negociación colectiva un carácter causal, só modificábel por acordo entre ambas partes, co obxecto de reforzar a seguridade e evitar que, por medio de modificacións substanciais das condicións de traballo impostas, o dereito á negociación colectiva torne en papel mollado. En definitiva, establecer unha presunción a favor do “pacta sunt servanda” na negociación colectiva.
 - Eliminación, no ámbito da administración pública, da capacidade unilateral da institución de suspender os convenios colectivos por causa da situación económica.
 - Mudar a obrigatoriedade de negociar os plans e medidas de fomento da igualdade nas empresas, pola obrigatoriedade de acordar coa RLT este tipo de medidas.
 - Os convenios sectoriais terán a consideración de dereitos básicos, polo cal ningún convenio de empresa poderá establecer condicións inferiores ás determinadas polos convenios sectoriais de referencia.
- Dereitos fundamentais e relacións laborais**
- Ratificación, por parte do Estado español, da Carta Social Europea na súa versión de 1996 e do protocolo de 1995 relativo a reclamacións de carácter colectivo.
 - Actualización do ET e a LOLS para mellorar a tutela dos dereitos fundamentais no traballo, en particular a intimidación/privacidade, a liberdade de expresión, a igualdade e non discriminación, a integridade moral e a liberdade ideolóxica, a reunión e manifestación e a garantía de indemnidade. E que se engadira unha descrición do contido mínimo destes.
 - No que se refire á liberdade sindical, a lei debería incidir na especial importancia dos dereitos de liberdade de expresión, reunión e manifestación como parte esencial da liberdade sindical, na liña da doutrina da Comisión de Expertos de OIT.
 - No dereito de folga, para alén de derrogar o art. 315.3 do CP, regular a folga en servizos esenciais desapoderando a autoridade gobernativa e desde criterios de autorregulación, sometendo as discrepancias, no seu caso, a un procedemento urxentísimo ante un órgano independente. Así mesmo, mellorar a regulación da liberdade de expresión das dúas partes en conflito, con sancións que non penalicen o exercicio dun dereito fundamental, senón que o protexan.
 - Transferencia íntegra da Inspección de Traballo a Galiza e dotación dos medios e competencias necesarios para realizar a súas funcións e para eliminar as discriminacións salariais directas e indirectas nas empresas.
 - Racionalizar os horarios de traballo e reducir a xornada máxima laboral a 35 horas semanais, como medida de reparto do traballo, favorecendo a seguridade e a estabilidade no emprego, así como a asunción de responsabilidades familiares en igualdade.
 - Recoñecer o carácter fundamental do dereito á conciliación da vida familiar, persoal e laboral, eliminando a mención recollida no art. 33.8 “segundo o acordo que chegue coa empresa ou nos termos previstos na negociación colectiva”, xunto coa restrición de poder acollerse a unha redución da xornada por coidado con carácter diario, podendo facelo semanal, mensual ou anualmente, correspondéndolle aos traballadores e ás traballadoras a concreción horaria deste dereito. Estabelecer o dereito de acompañamento a consulta médica para o persoal con persoas dependentes ao seu cargo con carácter retribuído. Recoller o dereito a acompañamento de crianzas menores de 14 anos a consulta médica. Eliminar a restrición da idade no caso das excedencias por coidado de menor, ampliando a actual de 3 a 14 anos, podendo solicitala durante un prazo máximo de tres anos para o coidado de fillas e fillos menores de 14. Estabelecer a duración do permiso por lactación acumulada en 4 semanas, estendendo o dereito dunha hora até que a crianza cumpra 12 meses, podendo gozar deste ao inicio, ao remate, durante a xornada ou dividilo en dúas medias horas. Estabelecer o dereito preferente á escolla de períodos

vacacionais coincidentes cos períodos non lectivos por coidado de crianzas menores.

- Reformar o actual permiso por nacemento, adopción e acollemento, aumentando a súa duración até equiparalo ao permiso de maternidade e tendo carácter obrigatorio o facer uso do mesmo. Isto suporá permisos intransferíbeis para as persoas proxenitoras e con igual protección social durante o exercicio de ambos dereitos. Aumentar progresivamente o período de suspensión de maternidade até acadar como mínimo os 12 meses de duración.
- Estabelecer mecanismos sancionadores áxiles ás empresas que non teñan un plan de eliminación de riscos laborais ou non adopten medidas dirixidas a protexer a saúde das traballadoras embarazadas e /ou en período de lactación en canto reciben notificación da situación de embarazo.
- Revisar a regulación existente en materia de igualdade, garantindo a súa transversalidade en todos aqueles aspectos que garden relación coa discriminación por motivos de sexo, identidade e orientación afectivo sexual, lingua, idade, discapacidade, raza e etnia, relixión, clase social e condición de inmigrante, incluíndo a negociación de protocolos de prevención e actuación ante o acoso, os planes de oportunidades entre mulleres e homes e os protocolos de actuación para a atención de traballadoras vítimas de violencia machista, establecendo mecanismos aplicativos e sancionadores acaídos.

- Contratas, subcontratas e externalizacións

- Prohibir as cadeas de subcontratas, de maneira que só se permita a contratación de primeiro nivel, con carácter causal e temporal.
- Someter as contratas da propia actividade ás mesmas condicións da empresa principal, no que se refire á autorización para a súa actividade no mercado, igualdade salarial e responsabilidades laborais e administrativas. Isto sería de aplicación ás empresas de servizos que ofrezan á clientela a realización de máis de dúas actividades. Prohibir as empresas multiservizos e centros especiais de emprego,

obrigando á aplicación do convenio colectivo do sector de referencia.

- Extensión da responsabilidade das empresas principais en todos os casos, tamén no de empresas auxiliares que non son da mesma actividade e que non prestan servizos no centro de traballo da principal, e afectar, ademais de salarios, a indemnizacións e a condicións de traballo en xeral.
- Nova regulación da sucesión de empresas, que garanta a subrogación dos traballadores e traballadoras cando haxa continuidade na actividade.
- Eliminación da figura legal da traballadora ou do traballador autónomo economicamente dependente, por ocultar fraudulentamente unha verdadeira relación laboral por conta allea.
- Garantía legal de que os socios e socias das cooperativas non teñan condicións de traballo inferiores ás dos traballadores e traballadoras do mesmo sector de actividade.
- Reversión ao público dos servizos privatizados.

- Emprego e contratación

- Eliminación das ETT e das axencias privadas de colocación.
- Mellorar o investimento público nos servizos públicos de colocación para que poidan desenvolver axeitadamente o seu labor.
- Eliminación de todas as subvencións xenéricas á contratación, agás aqueles colectivos de difícil inserción, e utilización do orzamento que se dedica a aquelas na creación de emprego a través dos servizos públicos.
- Implantar o principio de causalidade na contratación temporal. En calquera caso, a porcentaxe de emprego indefinido nas empresas non poderá ser inferior ao 75%.
- Eliminar o contrato de apoio a emprendedores e emprendedoras.
- A duración máxima do contrato de obra debe rebaixarse a un prazo máximo de 18 meses, en todo caso.
- Nos contratos a tempo parcial, afondar no principio de voluntariedade. As horas complementarias nunca poden ser de realización obrigatoria. No contrato ten que constar con exactitude, nun período de referencia non

máis longo que o semanal, a distribución da xornada. Calquera modificación do tempo pactado ou da súa distribución por vontade do empresario merecerá a consideración de modificación substancial das condicións de traballo. As modificacións substanciais das condicións de traballo nunca poden implicar reducións ou ampliacións de xornada, xa supoñan ou non cambios entre o contrato a tempo completo e o contrato a tempo parcial. Os traballadores e traballadoras a tempo parcial teñen que gozar de preferencia para ocupar un posto a xornada completa vacante na empresa.

- Prohibición de acordos, medidas ou axudas que fomenten, promovan ou axuden á contratación a tempo parcial por parte do Estado.

- **Extinción do contrato de traballo**

- Na medida en que a subsistencia material depende do traballo, non pode aceptarse a visión do despedimento como un instrumento máis de axuste empresarial.
- Reforzamento da causalidade do despedimento, recoñecida no art. 35 CE, o art. 30 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea e o Convenio 158 OIT.
- Redefinición das causas económicas, técnicas, organizativas e produtivas que xustifican o despedimento obxectivo, que deben estar condicionadas á viabilidade do proxecto empresarial; o despedimento debe ser a última ratio.
- Novo procedemento para o despedimento colectivo: reforzar o papel dos e das representantes sindicais nas negociacións, recuperar a autorización da autoridade laboral, superando a actual fase de unilateralismo empresarial, e devolverlle á Inspección de Traballo a súa competencia para emitir informe vinculante. Ampliación dos prazos do período de consultas a un mínimo dun mes.
- Recuperación da figura do despedimento nulo por fraude de lei, que desapareceu do marco xurisprudencial en 1993; non se debe permitir que a empresa recoñeza o carácter improcedente do cese na carta de despedimento.
- Recuperación da indemnización de 45 días e 42 mensualidades para os despedimento improcedentes.

- Nos despedimentos e/ou extincións declaradas improcedentes e/ou inxustificadas, a opción pola readmisión ou a indemnización debe corresponder ao traballador ou traballadora.
- Recuperación dos salarios de tramitación nos despedimentos improcedentes.
- Nos despedimentos nulos, dar a traballadores e traballadoras a opción de optar pola extinción laboral, tendo dereito a unha indemnización que duplique a acordada para despedimentos improcedentes.

- **Expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE)**

- **Prohibición de simultanear a aplicación dun ERTE con outra medida** consistente nun descolgue salarial, inaplicación de convenio colectivo, modificación substancial das condicións de traballo ou mobilidade xeográfica e/ou funcional.
- **Habilitación dun procedemento especial e extraordinario** para o pago inmediato do paro, coa confección das nóminas para efectuar os pagos semana a semana até a posta ao día dos expedientes, que permita retomar os pagos a mes vencido. Manter a forma ordinaria de pago das prestacións é causar un atraso de graves consecuencias.
- **Garantir o cobro durante todo o ERTE do 70% da base reguladora** de cada persoa traballadora, sexa cal sexa a duración e aínda que teña superado os 180 días de prestación. A tal fin, deberá de aprobarse a derogación da reforma feita polo Goberno do PP a través do Real Decreto-Lei 20/2012, que recortou as prestacións por desemprego ao reducir a porcentaxe do tipo aplicábel á base reguladora a partir do día 181 da prestación, pasando do 70% a un 50%. Así mesmo, no pago das prestacións por desemprego, como antes da aprobación do Decreto-Lei 20/2012, á persoa traballadora non se lle descontará o 4,7% da base de cotización que lle corresponderá no líquido a cobrar (IRPF e a cota por contingencias comúns do traballador ou traballadora).
- Terán a mesma consideración á hora de acollerse ás medidas referidas a esta protección do SEPE todas as persoas traballadoras, incluíndo a aquelas que foron despedidas por

causa desta situación da pandemia, ou que desde o 1 de xaneiro estiveran xa no desemprego percibindo prestación por desemprego. Todo o **tempo de desemprego** desde a data que tivo lugar o despedimento ou a aplicación do ERTE por causa da covid-19 entenderase como **non consumido**. Así mesmo, toda persoa traballadora, independentemente do tempo cotizado, terá dereito á prestación por desemprego.

- **As empresas para poder acollerse ao ERTE** deberán cumprir as seguintes condicións e garantías: completar até o 100% dos salarios; reincorporar progresivamente todo o persoal temporal da empresa principal ou externas (ETT , empresas multiservizos etc.) que foi despedido e, como data límite, farano no último mes de vixencia do ERTE.

- **Flexibilidade interna**

- As modificacións substanciais de condicións de traballo, a mobilidade, as suspensións de contrato e reducións de xornada e a distribución irregular do tempo de traballo que implique dispoñibilidade total do traballador/a, non poden empregarse como instrumentos ordinarios de axuste da competitividade ou da produtividade, senón que deben limitarse á superación de crises empresariais; reforzo da causalidade.
- Recuperar o papel da autoridade laboral nos procesos de reestruturación (modificacións substanciais, mobilidade xeográfica, sucesión de empresa...)
- Eliminación das modificacións substanciais en materia de remuneración e contía salarial.
- Eliminación das modificacións substanciais en materia de redución de xornada, que produce os efectos materiais dun despedimento parcial sen indemnizar.
- Eliminar a regulación legal da distribución irregular de xornada, que haberá de ser a que se pacte en convenio colectivo ou acordo de empresa (con porcentaxe máxima e mínima).
- Garantía legal do dereito a reposición da prestación en caso de suspensión de contrato como consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego.
- Debe derrogarse a posibilidade de descolgue

dos convenios de empresa. O descolgue de convenios sectoriais só poderá producirse por acordo entre a empresa e os representantes legais dos traballadores e traballadoras, cando así o requira a situación económica da empresa. De non existir acordo, a discrepancia será resolta pola comisión paritaria do convenio. A determinación das novas condicións deberá fixarse tamén por acordo.

- **Protección e Dereitos sociais**

- Incremento do Salario Mínimo Interprofesional até acadar o 60% do salario medio. Este será a única referencia como indicador público para efectos de fixar a contía de calquera tipo de prestación social.
- Derrogación das últimas reformas do sistema público de pensións de 2011 e 2013, recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos. O cálculo da base reguladora debe vir determinado polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral. O importe da pensión mínima debe ser equivalente ao do SMI. Deben eliminarse as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.
- Eliminación da xestión privada dos plans complementarios de previsión social.
- Recuperación das prestacións e subsidios por desemprego, nos termos anteriores á reforma de 2012.
- Renda de inserción laboral e social, na contía do SMI, para as persoas maiores de 18 anos que non cobren ningún tipo de prestación económica, acompañada do seguimento dun itinerario persoal de orientación e formación profesional até a consecución dun posto de traballo no tempo máis breve posíbel. No caso de que cobrasen unha prestación pública inferior ao SMI terían dereito a que se lle complementase a diferenza.
- Eliminación da intervención das mutuas no control da saúde e na xestión de prestacións da Seguridade Social.
- Os poderes públicos garantirán unha vivenda digna para todas as persoas, obrigando ás entidades financeiras e grandes empresas propietarias de vivendas baleiras á súa incorporación a un parque público de vivendas sociais.

- Teletraballo

Desde a CIG opoñémonos, con carácter xeral, ao teletraballo. Xa que supón un enorme desafío para a defensa dos dereitos das persoas traballadoras, ademais dun enorme problema para o desenvolvemento do traballo sindical.

O teletraballo preséntase como unha nova modalidade do traballo, na que o capital pon en práctica un novo modo de organizar a produción. Caracterízase pola deslocalización do posto e do centro de traballo e polo necesario uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Porén, pode converterse na vía máis rápida para facilitar a deslocalización da actividade, así como o evidencian os efectos perversos da dixitalización para o mundo do traballo.

A recente aprobación do Real Decreto-lei 28/2020, de 22 de setembro, para regular o traballo a distancia é unha norma de mínimos que non dignifica a prestación do traballo nesta modalidade, derivándoo á negociación colectiva, con todo o que isto significa cando aínda segue vixente a reforma laboral e da negociación colectiva dos anos 2010 e 2012.

Ademais, este Real Decreto non resolve a actual situación laboral derivada da pandemia da Covid-19 na que se impuxo o teletraballo sen dereitos e que se mantén en vigor con carácter xeral.

Dende a CIG consideramos que grazas ao teletraballo as empresas teñen unha posibilidade de recortar custes, mostrándoo como unha vantaxe pola “flexibilidade de horarios” que mellora, segundo o capital, a calidade de vida da persoa traballadora e a posibilidade de conciliación coa vida familiar. Ofrécesenos como unha posibilidade de aforro nos recursos económicos que destinamos ao coidado dos fillos/as, ao desprazamento ao lugar de traballo, á adquisición de roupa etc.

Todas estas argumentacións que trasladan as empresas coma vantaxes e que se disfrazan baixo un falso equilibrio de intereses entre a empresa e as persoas traballadoras, lévannos en moitos casos a antigas formas de explotación laboral do capitalismo. Onde se traballa un número infinito de horas, se fomenta a competitividade e o individualismo entre persoas traballadoras e se afasta a organización da clase traballadora para a loita pola consecución de mellores condicións de traballo e de vida.

A consecución da xornada laboral de oito horas foi un dos maiores logros da clase traballadora, mais na nova realidade laboral do século XXI o ordenador convértese nunha nova ferramenta de explotación coa que se traballa sen parar un número infinito de horas sen capacidade de separar a vida persoal da profesional.

O teletraballo, lonxe de ofrecer vantaxes, supón unha descapitalización da empresa, quedando en moitos casos o seu pasivo reducido a cero. Non existe ningún investimento por parte da empresa ao reducir todos os gastos, facilitando deste xeito as deslocalizacións das empresas sen ningún custe para elas.

Tamén dende unha perspectiva de xénero ofrécese o teletraballo como unha forma de conciliación da vida laboral e familiar. Lonxe disto, esta modalidade agocha a dobre xornada de traballo para as mulleres traballadoras e unha xustificación por parte do neoliberalismo para recortar en servizos públicos como garderías, ao ser estes innecesarios. Tamén na nova Lei de Dependencia fálase de impulsar o teletraballo entre as persoas con capacidades distintas, evitándose o gasto na mobilidade destas persoas traballadoras e castigándose a vivir pechadas no seu domicilio.

Antes da implantación do teletraballo ten que levarse a cabo unha análise profunda da súa necesidade no seo da RLT de cada centro de traballo. Previamente á introdución no convenio colectivo ten que pasar a debate, fixéndose liñas vermellas e límites que non se poden sobrepasar.

Remitímonos ás Propostas da CIG sobre Teletraballo feitas para a negociación colectiva e para o proceso de tramitación deste Real Decreto, pero consideramos que o teletraballo necesita limitarse en tres aspectos para non ser unha definitiva ferramenta de precarización e explotación laboral:

1. Non se pode obrigar a persoa traballadora a poñer o seu domicilio a disposición da empresa. Polo tanto, a empresa ten que facilitar os equipos e ferramentas de traballo, así como o mantemento destes. Teñen que asumir todos os custes de converter unha habitación en oficina, con todo o que iso implica de mobiliario. A empresa ten que realizar as avaliacións

de riscos, sobre todo psicosociais, e en todo o que teña que ver coa saúde laboral. Así mesmo, ten que compensar os gastos de luz, auga, electricidade, gas e limpeza dese tempo de traballo.

2. Limitando as dificultades para a organización do traballo. Creando unha necesaria separación entre o espazo público e o privado. Prohibindo o control da empresa da actividade da propia persoa traballadora nos medios dixitais. Para non perder a intimidación, a capacidade de socialización e que se fomenta o sedentarismo é necesario que a persoa traballadora teña o posto de traballo dentro da empresa dispoñíbel e sabendo as datas con antelación nas que ten que presentarse; en ningún caso se pode teletraballar o 100% da xornada. Así mesmo, ten que quedar perfectamente definida a necesaria voluntariedade por parte da persoa traballadora. E limitarse ademais a retribución por obxectivos, xa que ao non ter unha xornada marcada nin control directo da empresa pode materializarse en xornadas laborais intensas sen facer diferenciación de días de semana e fin de semana.

É imprescindible incluír cláusulas que garantan a desconexión dixital na lexislación e nos convenios colectivos aos que lles afecte esta nova forma de precariedade laboral.

3. Acordando que a persoa traballadora reciba puntualmente a información sindical, directamente dende a RLT e as seccións sindicais, a través de calquera ferramenta de comunicación individual e instantánea posta a disposición pola empresa para o persoal. En ningún caso pode ser válido o uso de sistemas de páxinas en intranet. En ningún caso unha persoa pode ser contratada directamente para teletraballar, tendo que levar un tempo mínimo de antigüidade na empresa. As persoas traballadoras precisan coñecer os seus compañeiros e compañeiras de traballo, asistir a asembleas dentro do centro de traballo etc. O teletraballo non pode ser empregado como unha ferramenta para dispersar as persoas traballadoras do centro de traballo, fomentando o individualismo e a individualización das condicións laborais.

V Conciliación con dereitos ante as necesidades de coidados xeradas pola pandemia

O Goberno galego e do Estado español desde a o inicio da pandemia non adoptaron disposicións que garantisen a protección das persoas que se fan cargo dos coidados. Tampouco se formularon medidas para casos especiais como os formados por familias monoparentais, feminizadas na súa meirande parte, as cales quedaron desprotexidas e sen alternativas para o coidado.

Polo tanto, é preciso tamén ter en conta o impacto de xénero das medidas dirixidas á conciliación, dado que en moitos dos fogares que se acolleron a estas medidas as persoas que ficaron ao coidado das dependentes son mulleres, e dado que moitas das fórmulas que nós imos presentar van ter como protagonistas ás propias mulleres, por seren maioría novamente nos sectores laborais que poden dar resposta a esta crise.

Coa intención de dar resposta a esta problemática é necesario artellar solucións que teñan en conta as peculiaridades do noso país, tanto no que respecta á localización dos núcleos de poboación, á dispersión xeográfica ou ao tecido produtivo galego.

Por todo o exposto, propoñemos a adopción das seguintes medidas dirixidas a garantir a protección da clase traballadora galega que precisa facer uso dos seus dereitos de conciliación:

1. Estabelecemento dunha **xornada reducida sen redución de salario** de 30 horas semanais, que permita exercer as obrigas e dereitos de coidado.
2. Estabelecemento de **xornadas intensivas** a combinar entre cónxuxes.
3. **Licenza remunerada para quen non poida asistir ao traballo por razóns urxentes derivadas do coidado de crianzas e persoas dependentes.** Esta licenza darase no caso de que as persoas suxeitos causantes precisen de atención directa e continuada e non podan acudir a centros educativos ou de coidado (confinamentos, enfermidades,...). Deberá achegarse unha solicitude na que se expoña a imposibilidade de acollerse ao teletraballo ou realizar unha adaptación da xornada laboral.

4. **Establecemento dunha prestación da seguridade social** para que o detrimento económico derivado do coidado de persoas, en concreto nos casos de goce dunha redución de xornada sempre que a mesma sexa inferior ao 100%. A empresa seguirá facéndose cargo das cotizacións e a Seguridade Social pagará unha contía do 75% do salario do mes anterior á solicitude da prestación calculada en proporción ao tempo reducido.
5. **Posibilidade de solicitar o desemprego** para aquelas persoas traballadoras que solicitaron unha redución de xornada do 100% ou unha excedencia por coidado. Este tempo de desemprego entenderase como non consumido de igual forma que o persoal afectado polos ERTE.
6. **Creación de servizos colectivos de coidado de carácter público ou adaptación de edificios e locais existentes destinados ao coidado e á atención das crianzas e da mocidade até os 18 anos.** Estas instalacións combinarán actividades lúdicas con espazos onde poidan ler, imprimir documentos, realizar tarefas educativas de repaso, co obxectivo de paliar a fenda dixital e garantir o acceso de todas as crianzas ás novas tecnoloxías e internet.

A Xunta de Galiza, mediante o organismo público de ámbito galego que lle corresponda, correrá a cargo e coordinará cos concellos (ou de ser o caso ás deputacións provinciais) a prestación directa destes servizos, coa contratación do persoal necesario e habilitando as partidas económicas necesarias para garantir unha prestación directa dos mesmos.

No ámbito rural

Reacondicionamento de institucións, ou creación de novas instalacións e servizos:

- Adaptaranse os espazos das escolas unitarias, escolas agrarias, centros cívicos municipais, casas da cultura, casas da mocidade, locais de ensaio, ou outras infraestruturas como servizos de atención ás crianzas, que serán reconvertidas como espazos lúdicos/educativos, garantindo que poidan realizar actividades ao aire libre, actividades de lectura, xogos, acceso a puntos WIFI, con servizo de impresión de documentos etc.

- Garantir a creación e posta en marcha da rede pública de **Casas niño no rural** naqueles municipios de menos de 5000 habitantes onde non exista esta infraestrutura.
- Modificación dos requisitos do **Bono Coidado** que permite a contratación dunha persoa coidadora. O persoal será contratado polos concellos, garantindo este servizo para todas as unidades familiares que carezan doutro recurso de coidado. Poderase facer uso deste recurso non só para cubrir necesidades puntuais, senón que poderán superar o máximo actual de 80 horas por familia e abarcar o horario que non poidan combinar entre os cónxuxes. No caso das familias monoparentais, a persoa coidadora contratada mediante o bono realizará a súa actividade cubrindo a xornada laboral da persoa proxenitora que solicita o servizo. Para esta situación tampouco haberá límite de idade.

No ámbito urbano

Reacondicionamento de institucións, ou creación de novas instalacións e servizos:

- Adaptaranse as escolas infantís municipais, centros de día, centros cívicos municipais, casas da cultura, casas da mocidade, como servizos de atención ás crianzas ou outras infraestruturas como servizos de atención ás crianzas, que serán reconvertidas como espazos lúdicos/educativos, garantindo que poidan realizar actividades ao aire libre, actividades de lectura, xogos, acceso a puntos WIFI, con servizo de impresión de documentos etc.
- Modificación dos requisitos do **Bono Coidado** que permite a contratación dunha persoa coidadora. O persoal será contratado polos Concellos, garantindo este servizo para todas as unidades familiares que carezan doutro recurso de coidado. Poderase facer uso deste recurso non só para cubrir necesidades puntuais, senón que poderán superar o máximo actual de 80 horas por familia e cubrir o horario que non poidan combinar entre os cónxuxes. No caso das familias monoparentais, a persoa coidadora contratada mediante o bono realizará a súa actividade cubrindo a xornada laboral da persoa proxenitora que solicita o servizo. Tampouco haberá límite de idade.

- Todas as medidas adoptadas levaranse a cabo garantindo en todo momento a protección da saúde tanto das persoas traballadoras, como das usuarias dos servizos, debendo cinxirse ás recomendacións das autoridades sanitarias.

VI Necesidade dun sistema público galego de servizos de atención ás persoas

A crise sanitaria derivada da pandemia da covid-19 puxo máis de manifesto que nunca a necesidade de poñer os cuidados na prioridade das políticas públicas, e por tanto, a urxencia de investimento público en servizos de atención ás persoas.

Os servizos públicos son a única garantía para unha atención digna ás persoas de idade e ás persoas dependentes ou con diversidade funcional, debendo asumir directamente a Administración Pública Galega as súas competencias na atención ás persoas vulnerábeis, xa sexa por idade, pola súa discapacidade ou dependencia.

Os recursos e servizos sociais de atención ás persoas teñen que deixar de ser unha actividade residual, socialmente pouco valorada e con condicións de traballo precarias, para pasar a ser considerada un servizo esencial para a cidadanía

a prestar pola administración en condicións de calidade asistencial para as persoas e con condicións de traballo dignas e estábeis para o persoal encargado dos cuidados.

Creación dun **Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas**, integrado por unha única rede pública que preste os seguintes servizos:

- Centros asistenciais e residenciais da terceira idade
- Centros de día
- Centros de atención á diversidade
- Servizo de Axuda no Fogar
- Outros recursos: Casas Niño, Casas do/a Maior, Xantar na Casa, Transporte Adaptado...

Estes servizos estarán dotados suficientemente tanto de infraestruturas e material como de recursos humanos, dignificando as condicións laborais e salariais de todo o persoal coa aplicación dun mesmo convenio colectivo.

Incorporación a esta rede pública todos os actuais Servizos de Axuda no Fogar (SAF) e negociación do convenio colectivo galego que recolla unhas condicións laborais e salariais dignas.

Acadar a transferencia a Galiza de todas as competencias e recursos públicos para desenvolver, aplicar e ampliar a Lei de Dependencia.

Galiza, outubro 2020



Confederación Intersindical Galega